




Manuel María

Terceiro Ciclo Primaria Día das letras galegas 2016





Manuel María Fernández Teixeiro naceu o 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na Terra Chá, en Lugo.

Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos. Seu pai chegou a ser alcalde de Outeiro.


Comezou os estudos primarios na escola de Outeiro de Rei, en plena Guerra Civil, e despois preparou o ingreso ao instituto nunha academia de Rábade, onde o mestre aproveitaba as tardes dos sábados para lerlles aos seus alumnos e alumnas libros en galego.

O bacharelato realizouno en Lugo onde publicou o seu primeiro libro «*Muiñeiro de brétemas*».


Casou con Saleta e foron vivir a Monforte onde Manuel exerceu a profesión de Procurador dos Tribunais.

Nesta vila tivo unha extraordinaria actividade cultural e política: traballou na emisora local, deu unha chea de conferencias, abriu a librería Xistral e a editorial do mesmo nome, especializada en libros en galego, escribiu unha enorme cantidade de libros, participou en moitos movementos sociais e políticos... sendo o poeta galego máis musicado de todos os tempos.

Ingresou na Real Academia Galega en 2003. Polo seu labor a prol da lingua e a cultura galega se lle adica o Día das Letras deste ano 2016.



Manuel María



1.- Completa coas palabras do recadro a biografía de Manuel María.

SOÑOS NA GAIOLA MONFORTE OUTEIRO DE REI MARÍA POETA
CHÁ SALETA LUGO PROCURADOR

Ola! Son Manuel . Nacín en

, unha vila da Terra .

Estudei o bacharelato en .


Coñecín a , casamos e xuntos fomos vivir a .

Fíxenme de profesión, pero hai quen di que tamén son ; por iso vos escribín con moito amor o libro de poemas .

► **Manuel María abriu a librería e a editorial Xistral. Coñeces máis nomes de editoriais e librerías galegas?**

Fai unha búsqueda en internet e averigua se aínda existe a librería e a editorial Xistral.

2.- Resolve o encrucillado usando palabras que aparecen no poema.



HORIZONTALS

- 1.- Cidade na que estudou e casou.
- 2.- Profesión que exerceu en Monforte.
- 3.- Vila da Terra Chá onde naceu: _____ de Rei.
- 4.- Cidade luguesa na que traballou, viviu con Saleta e tiña a librería Xistral.
- 5.- Nome da súa muller.
- 6.- Actividade á que sempre se adicou e da que tanto gozaba.

1.- LUGO 2.- PROCURADOR 3.- OUTEIRO 4.- MONFORTE 5.- SALETA 6.- AUTOR

3.- Risca as oracións verdadeiras e corrixe as falsas.

- ☐ Manuel María casou con Saleta e foron vivir a Malpica.
- ☐ O pai do autor chegou ser alcalde na localidade onde naceu.
- ☐ Foi membro da Real Academia.
- ☐ Con 31 anos publicou o seu primeiro libro «*Muiñeiro de brétemas*».
- ☐ Comezou os seus estudos secundarios en plena Guerra Civil.







4.- Calculemos! Fai a conta e responde cunha oración.



Se Manuel María naceu no ano 1029, cantos anos hai que naceu?

Manuel María publicou o seu primeiro libro con 21 anos, en que ano o publicou?

5.- Ordena cronoloxicamente os seguintes feitos da vida do autor

- ☐ Casou con Saleta e foron vivir a Monforte.
- ☐ Manuel María naceu o 6 de outubro de 1929.
- ☐ O bacharelato realizouno en Lugo.
- ☐ Abriu a librería Xistral.
- ☐ Comezou os estudos primarios na escola de Rábade.
- ☐ Adícaselle o Día das Letras do ano 2016.

6.- Localiza nesta sopa de letras os nomes propios relacionados coa biografía de Manuel María.

MANUEL
PASTORA
LUGO
SANTIAGO
XISTRAL
SALETA
RÁBADE



O	L	X	I	S	T	R	A	L
P	S	A	N	T	I	A	G	O
M	A	N	U	E	L	B	F	Ñ
R	L	Z	F	S	U	A	C	L
M	E	G	D	Ñ	G	D	H	Z
E	T	B	C	X	O	E	L	T
P	A	S	T	O	R	A	H	Ñ

7.- Escribe preguntas para as seguintes respostas.

- _____ ?

- En 1929.

- _____ ?

- Antonio e Pastora.

- _____ ?

- «Muiñeiro de brétemas».

- _____ ?

- Xistral.

- _____ ?


- Entre outras traballaba nunha emisora de radio, daba conferencias e participaba en movementos sociais e culturais.

- _____ ?

- No ano 2016.

- Manuel María abriu a librería e a editorial Xistral. Coñeces máis nomes de editoriais e librerías galegas?

Fai unha búsqueda en internet e averigua se aínda existe a librería e a editorial Xistral.



¡Non foi a Chaira cantada
por Noriega, gran brañego!
¡Cantouna, como unha amada
Xosé Crecente, o bon crego!

Aquilino Iglesias Alvariño,
o brañego de Abadín,
tomoulle á Chaira cariño,
cantou a Chaira sen fin.

E Xosé María Díaz Castro,
profunda voz de Os Vilares:
¡suco, semente, alto mastro,
esencia e flor de ensoñares!

Meu afillado o Darío,
ten voz de carballo e vento.
¡Que canto rexo e esguío
con raíz no sentimento!


Margarita Ledo Andión,
facho de luz no escuro,
recendo a seiva e torrón,
camiño cara ó futuro...

Miguel Anxo Fernán Vello,
cedro lanzal de A do Monte:
¡é nidio coma un espello
e puro como unha fonte!

¡E tantos poetas iñorados
que só pró vento cantaron!
¡Os seus versos namorados
nas azas da brisa, voaron!

¡O Grilo! ¡Manuel Chiquito!
¡Pepe da Costa, o trotón!
¡Paderna...! ¡No meu espírito
latexa a vosa canción...!

Manuel María: «*Terra Chá*»



1.- Que era Noriega?

2.- Que profesión tiña Xosé Crecente?

3.- Subliña os nomes dos poetas e poetisas da Terra Chá que aparecen e indica o seu número.

4.- De que ten voz Darío?

5.- Cantas estrofas ten o poema de Manuel María?

6.- Busca a rima do poema, indica que versos son os que riman e de que tipo son.

5º E 6º DE PRIMARIA

OS POETAS DA TERRA CHÁ

7.- Quen é cada un deles? Relaciona cada autor coa súa imaxe.


AQUILINO IGLESIAS

XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO

NORIEGA VARELA

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

MARGARITA LEDO ANDIÓN



M _____ A _____ F _____ V _____



M _____ L _____ A _____



A _____ I _____



N _____ V _____



X _____ M^a _____ D _____ C _____



O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis fleve,
o pensar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o marmurio do vento,
a palabra do amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
¡ese breve ronsel
que deixaremos nós!

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.


O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Si perdemos a fala
non seremos ninguén!

O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ó idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
si queremos vencer!

Manuel María:
«As rúas do vento ceibe»




1.- Que palabras usa Manuel María para definir o idioma?

2.- Que abre a chave?

3.- De quen é a voz?

4.- De quen é o patrimonio?



5.- Que agroma da fonte?

6.- Para que precisamos a lingua?



O pobo vive da agricultura. Cóllese aínda ben centeo, patacas, algo de trigo... Algunhas familias, ademais de labra-los eidos, viven do río. Son troiteiros. O oficio de troiteiro vaise transmitindo de xeración en xeración. Os troiteiros pescan ó trasmallo -que se tece nas longas noites de inverno- en pesadas barcas do país, case cadradas. Para a pesca do peixe úsanse unhas barcas pequenas, estreitas e longas, que se chaman batuxos. As barcas e os batuxos guíanos cunhas varas longas que chegan ata o fondo do río e que se chaman remas. As remas, na súa parte inferior, están ferradas. Sobre o río érguense os famosos caneiros para a pesca das anguías. As anguías do pobo son moi famosas. A época das anguías vén coas primeiras choivas do outono. Cando a colleita de anguías é abundante, fai baixa-lo prezo do polbo.

Manuel María




1.- De que vive o pobo?

2.- Que clase de texto é?

3.- Que produtos recollen?

4.- Como pescan alí os troiteiros?



5.- Como di que son os batuxos?

6.- Como se chaman as varas longas?

7.- Cando é a época das anguías?

8.- Que prezo baixa, cando hai abundancia de anguía?

9.- Localiza neste rebumbio de letras o nome de once embarcacións típicas galegas.

B	A	T	U	X	O	E	D	R	T	O	U	Ñ	I
A	D	H	R	L	F	E	O	P	G	T	I	O	T
R	Ñ	R	E	U	C	A	R	O	C	H	O	L	R
C	E	L	G	T	P	Ñ	N	F	R	I	P	G	A
A	R	L	A	N	C	H	A	E	O	L	Ñ	R	I
I	O	U	M	P	T	H	B	U	C	E	T	A	Ñ
B	A	T	E	L	A	U	R	D	E	T	P	C	E
G	S	I	L	O	Ñ	P	L	R	U	E	T	U	I
Ñ	R	U	A	N	G	U	L	E	I	R	O	P	R
T	G	E	H	F	U	P	R	E	H	L	I	O	A



BARCA	BATUXO	GAMELA	BATELA	ANGULEIRO	DORNA
BUCETA	TRAIÑEIRA	CAROCHO	RACÚ	LANCHA	

10.- Da agricultura vive toda a xente xa que dela saen os produtos básicos da nosa alimentación, entre eles o pan.

Ordena os pasos a seguir ata que o pan estea na nosa mesa.

PARTIR A MASA E METELA NO FORNO.

REPOUSAR A MASA.

MOER O GRAN E FACER A FARIÑA.

RECOLLER O GRAN.

SEMENTAR O GRAN.

MESTURAR A FARIÑA, O FERMENTO E A AUGA.

AMASAR.


SACALA DO FORNO.

11.- Averigua en internet o que poidas sobre este tipo de embarcación.

BATUXO

12.- Resolve o encrucillado usando palabras que aparecen no poema.



HORIZONTAIS

- 1.- Produto agrícola do que se saca algo no pobo.
- 2.- Rede que se tece no pobo nas longas noites de inverno.
- 3.- Cando a colleita de anguías é abundante o seu prezo baixa.
- 4.- Serven para guiar barcos e batuxos.
- 5.- Fan famoso ao pobo e péscanse.
- 6.- Oficio que se transmite de xeración en xeración.
- 7.- Barcas estreitas, pequenas e longas.

TRIGO TRASMALLO POLBO REMAS ANGUÍAS TROITEIRO BATUXOS



Esta é a única fotografía que quedou do Alfredo. O que máis chama a atención é a rixidez do Alfredo, o estirado que está, os seus grandes bigotes e o sorriso. Porque o Alfredo, no retrato, está a sorrir. Sorrí dun xeito maino, case imperceptible, engaio-lante. O sorriso de Alfredo é verdadeiramente engaiolante. Ten un engado máxico, inexplicable. Tamén chaman a atención as mans de Alfredo. A que está pousada sobre a mesa semella que ocupa a metade da mesa, que ocupa todo o espacio

que hai entre o corpo do Alfredo e o cacharro que ten follas de palmeira. A man que sostén o cigarro, aínda que o cigarro é grande, semella unha montaña comparada co cigarro. O cigarro puro semella perdido na man de Alfredo. As mans do Alfredo semella que falan. As mans do Alfredo fóronse formando collidas á rabela do arado, ó rabo do sacho, ó mango da fouciña... As mans do Alfredo apreixaron moitas veces o gran de semente e espaxérono pola terra para que o novo froito nacesse e o misterio da vida se cumprise. Por iso chaman a atención as mans do Alfredo. Porque eran mans creadoras.



Manuel María: «As rúas do vento ceibe»

1.- Que clase de texto é?

2.- De quen é o retrato?

3.- Como é o sorriso de Alfredo?

4.- Como eran as mans?

5.- En que traballa Alfredo?

6.- Que ferramentas utiliza?


7.- Como te imaxinas a Alfredo?



8.- Coas letras de Alfredo forma o maior número de palabras posible.

A L F R E D O

9.- Emparella os adxectivos sinónimos.






Según rezan contos vellos
e moi antigas consellas
os lobos feroces comen
as inocentes ovellas.

Cando as ovellas están
en calquer monte ao pasteiro
pódense ollar sorprendidas
polo lobo carniceiro.

E hai lobos tan astutos
que, para acabar cun rebaño,
métese entre as ovellas
disfrazados de pel de año.

E hai lobos tan agudos
tan agudos lobos hai
que caen sobre as ovellas
sen darlles lugar pra un aí!

Pero nestes tempos de agora
xa hai un invento novo:
¡é que aparecen ovellas
que acaban comendo o lobo!



Manuel María: «As rúas do vento ceibe»

1.- Despois de ler o texto, inventa unha pregunta para cada unha destas respostas.

-Ás inocentes ovellas.

-O lobo carniceiro.

-Con pel de año.

-Ovellas que comen ao lobo.

-Cinco.

-Astutos, feroces, carniceiro, agudos.



2.- Une cada depredador coa súas presa.

LOBO		COELLO
RAPOSO		RATO
GATO		OVELLA
TOUPA		INSECTOS
LEÓNS		MIÑOCAS
ANDURIÑA		GACELA

3.- Localiza nesta sopa de letras o nome de diferentes animais carnívoros que podemos atopar en Galicia.

C	U	R	U	X	A	T	F	L
M	O	U	C	H	O	O	S	O
S	G	Z	G	H	L	U	D	B
C	A	H	S	L	D	P	X	O
L	R	A	P	O	S	A	S	Ñ
H	D	B	D	N	Z	S	G	F
S	U	H	G	D	X	D	L	V
M	Ñ	F	U	R	O	N	Z	Ñ
F	A	Z	L	A	S	H	D	G
D	O	N	I	C	E	L	A	Z

MOUCHO
CURUXA
TOUPA
DONICELA
FURÓN
RAPOSA
LONDRA
GARDUÑA
LOBO
OSO



4.- Localiza neste rabaño de ovellas as dúas diferentes.

